

CURSOS:

1966-67: O 22-10-1966 inaugúrase o **Instituto Nacional de Enseñanza Media Masculino** de Ourense.

O primeiro Director foi D. José Nieto Noya , catedrático de grego. O Sr. Nieto , que era ata este curso o Director do único Instituto que había na cidade, foi nomeado presidente da Ponencia sobre ensinanza constituída no “Plan de desarrollo”. A primeira proposta estudiada por esta ponencia foi a creación dun novo Instituto en Ourense. Por un Decreto de 1964 foi aprobada a creación do Instituto Masculino (o existente quedou como



Instituto Femenino) cunha capacidade para 1000 alumnos . Construírse nos terreos cedidos polo Concello no barrio de A Ponte. Eran os terreos que ocupaba a antiga estación de ferrocarril de Ourense e que anteriormente por un convenio do 12-11-1954 o Estado cedera ó Concello de Ourense



O proxecto foi obra do arquitecto D. Marciano

Hernández Serrano e da construción encargouse a empresa ourensán Suárez Dacosta. O prepuposto foi de 14.152.006,56 ptas.

Neste primeiro curso matriculáronse 432 alumnos de 10 a 18 anos (e 90 en estudos nocturnos) que eran atendidos por 19 profesores

Durante o curso o Director Sr. Nieto é nomeado Inspector, facéndose cargo da Dirección D^a Agapita Serrano , catedrática de Latín

1967-72: Faise cargo da Dirección D. Manuel Albendea, catedrático de Filosofía. O Instituto chega a ter 1077 alumnos (e 162 en nocturno) con 29 profesores. Por libre chegan a examinarse 931 alumnos na convocatoria de Xuño.

No curso 70-71 impártese o Curso de Orientación Universitaria (COU) experimental



1972-84: Faise cargo da Dirección D. Carlos Criado Martín, catedrático de Física e Química.

No curso 75-76 empeza a impartirse o Bacharelato Unificado Polivalente (coñecido como o BUP)

No curso 77-78 convírtese en mixto e pasa a denominarse **Instituto de Bacharelato Mixto nº 2 .**



En Xaneiro de 1980 faise a proposta de que sexa denominado co nome de Eduardo Blanco Amor ,en memoria do gran escritor ourensán que nos últimos anos da súa vida estivo moi vencellado a este Instituto. No curso 82-83 é aprobada a proposta e pasa a denominarse Instituto de Bacharelato Eduardo Blanco Amor

Nestes anos o Instituto chega a ter 961 alumnos de idades entre 14 e 18 anos (e 233 en estudos nocturnos) atendidos cunha plantilla de 59 profesores.

1984-2012: Faise cargo da Dirección D. José Luis Díaz Leyes, catedrático de Matemáticas. O 24-Abril-1992 celébranse os actos conmemorativos do XXV aniversario do Instituto. Nese momento o centro ten 828 alumnos (e 241 en nocturno) cunha plantilla de 68 profesores .

No curso 96-97 comenza a impartirse a Educación Secundaria Obrigatoria (coñecida como ESO) e pasa a denominarse Instituto de Educación Secundaria Eduardo Blanco Amor.

No curso 2000-01 comenza a impartir o Bacharelato nas modalidades de Ciencias da Naturaza e a Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais. Neste mesmo curso empeza a impartir as Educación para Adultos , tanto de ESO como de Bacharelato. Neste momento o Instituto ten 719 alumnos (e 121 en Adultos) cunha plantilla de 84 profesores



2012-17: Faise cargo da Dirección D^a Soedade Do Muiño Cid profesora de Lingua Galega. Nese momento o centro ten 621alumnos (e 61en Bacharelato de Adultos) cunha plantilla de 63 profesores. No curso 2016-17 celébranse os actos conmemorativos do **50 aniversario** do Instituto

I.E.S. EDUARDO BLANCO AMOR 50 ANIVERSARIO



Instituto Nacional de Enseñanza Media Masculino de Ourense (1966-67)
Instituto de Bacharelato Mixto nº2 (1977-78)
Instituto de Bacharelato Eduardo Blanco Amor (1982-83)
Instituto de Educación Secundaria Eduardo Blanco Amor (1996-97)

2017- : Faise cargo da Dirección D. Carlos Ferreiro García profesor de Matemáticas. Nese momento o centro ten 601alumnos (e 50 en Bacharelato de Adultos) cunha plantilla de 63 profesores.